

Tecendo a Bioética compartindo decisións

15:30 ACREDITACIÓN E ENTREGA
DA DOCUMENTACIÓN

16:00 INAUGURACIÓN
Jesús Vázquez Almuiña
Conseleiro de Sanidade

16:15 Presentación da Xornada e da liña de traballo do Consello de Bioética de Galicia
16:40 Presidencia do Consello de Bioética de Galicia

16:40
18:15

MESA REDONDA

Decisións compartidas

MODERA → Ana Concheiro Guisán → Vicepresidenta do Consello de Bioética de Galicia

Planificación compartida da atención. Estamos preparados os profesionais?

Ángel López Triguero → Vogal → Comité de ética asistencial. Pontevedra

A historia de valores. Planificación da atención

Alfredo Valdés Paredes → Presidente → Comité de ética asistencial. Ourense

A gastrostomía endoscópica percutánea paradigma da controversia na planificación anticipada da atención

Luis Arenas Willarroel → Presidente → Comité de ética asistencial. Vigo

18:15 DESCANSO

18:30
20:00

MESA REDONDA

Outras olladas

MODERA → Xurxo Hervada Vidal → Vogal → Consello de Bioética de Galicia

Actividade dos últimos anos do cea de Lugo-centro

M.ª Aránzazu García Martínez → Presidenta → Comité de ética asistencial. Lugo

Actividade do comité de ética asistencial de EOXI da Coruña nos últimos 10 anos. (2008-2018)

Mercedes Cao Vilarinho → Vogal → Comité de ética asistencial. A Coruña

Reflexións dende a participación nun comité

Marina Iglesias Gallego → Vogal → Comité de ética asistencial. Santiago de Compostela

XORNADA

Tecendo a Bioética: compartindo decisións na planificación da atención

EDICIÓN BILINGÜE

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade-Secretaría Xeral Técnica- Consello de Bioética de Galicia
Santiago de Compostela
2019

Integran o CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA:

Rosendo Bugarín González

Joam Casas Rodrigues

Ana Concheiro Guisán

Teresa Conde Cid

Olivia Díez Lindín

Juan Antonio Garrido Sanjuan

Ana Guillén Vilanova

Xurxo Hervada Vidal

Victoria Lojo Vicente

Luisa Peleteiro Pensado

María Ponte García

Carmen Ramil Fraga

Antonio Rodríguez Núñez

Silvia Sánchez Radío

Carmen Solloso Blanco

Mónica Suárez Berea

Juan Carlos Trillo Alonso

Isabel Vila Iglesias

Tecendo a Bioética: compartindo decisións na planificación da atención

| | <u>G</u> | <u>C</u> | |
|--|-----------------|-----------------|--|
| 16:15 → 16:40 PRESENTACIÓN | | | |
| TECENDO A BIOÉTICA: COMPARTINDO DECISIONS NA PLANIFICACIÓN DA ATENCIÓN Juan Antonio Garrido Sanjuan | → 07 | 79 ← | TEJIENDO LA BIOÉTICA: COMPARTIENDO DECISIONES EN LA PLANIFICACIÓN DE LA ATENCIÓN Juan Antonio Garrido Sanjuan |
| 16:40 → 18:15 MESA REDONDA | | | |
| DECISIONS COMPARTIDAS Ana Concheiro Guisán | → 15 | 82 ← | DECISIONES COMPARTIDAS Ana Concheiro Guisán |
| ▼ Planificación compartida da atención. Estamos preparados os profesionais? Ángel López Triguero | → 17 | 83 ← | ▼ Planificación compartida de la atención. Estamos preparados los profesionales? Ángel López Triguero |
| A historia de valores. Planificación da atención Alfredo Valdés Paredes | → 26 | 88 ← | La historia de valores. Planificación de la atención Alfredo Valdés Paredes |
| A gastrostomía endoscópica percutánea paradigma da controversia na planificación anticipada da atención Luis Arenas Villarroel | → 32 | 91 ← | La gastrostomía endoscópica percutánea paradigma de la controversia en la planificación anticipada de la atención Luis Arenas Villarroel |
| 18:30 → 20:00 MESA REDONDA | | | |
| OUTRAS OLLADAS Xurxo Hervada Vidal | → 47 | 99 ← | OTRAS MIRADAS Xurxo Hervada Vidal |
| ▼ Actividade dos últimos anos do cea de Lugo-centro M.ª Aránzazu García Martínez | → 50 | 100 ← | ▼ Actividad de los últimos años del cea de Lugo-centro M.ª Aránzazu García Martínez |
| Actividade do comité de ética asistencial de EOXI da Coruña nos últimos 10 anos. (2008-2018) Mercedes Cao Vilariño | → 56 | 103 ← | Actividad del comité de ética asistencial de EOXI de A Coruña en los últimos 10 años. (2008-2018) Mercedes Cao Vilariño |
| Reflexións dende a participación nun comité Marina Iglesias Gallego | → 68 | 108 ← | Reflexiones desde la participación en un comité Marina Iglesias Gallego |

16:15 → 16:40
MESA REDONDA

TECENDO A BIOÉTICA: COMPARTINDO DECISIÓNS NA PLANIFICACIÓN DA ATENCIÓN

Juan Antonio Garrido Sanjuan

16:40 → 18:15
MESA REDONDA

DECISIÓNS COMPARTIDAS

Ana Concheiro Guisán



PLANIFICACIÓN COMPARTIDA DA ATENCIÓN. ESTAMOS PREPARADOS OS PROFESIONAIS?

Ángel López Triguero

A HISTORIA DE VALORES. PLANIFICACIÓN DA ATENCIÓN

Alfredo Valdés Paredes

A GASTROSTOMÍA ENDOSCÓPICA PERCUTÁNEA PARADIGMA DA CONTROVERSIA NA PLANIFICACIÓN ANTICIPADA DA ATENCIÓN

Luis Arenas Villarroel

18:30 → 20:00
MESA REDONDA

OUTRAS MIRADAS

Xurxo Hervada Vidal



ACTIVIDADE DOS ÚLTIMOS ANOS DO CEA DE LUGO-CENTRO

M.ª Aránzazu García Martínez

ACTIVIDADE DO COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL DE EOXI DA CORUÑA NOS ÚLTIMOS 10 ANOS. (2008-2018)

Mercedes Cao Vilariño

REFLEXIÓNS DENDE A PARTICIPACIÓN NUN COMITÉ

Marina Iglesias Gallego

Tecendo a bioética: compartindo decisións na planificación da atención

16:15 → 16:40

PRESENTACIÓN

RELATOR → JUAN ANTONIO GARRIDO SANJUAN
PRESIDENTE DO CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

Boas tardes e benvidos a esta nova xornada de traballo e aprendizaxe compartida organizada polo Consello de Bioética de Galicia. Agradecerlle primeiro á Consellería de Sanidade e á Secretaría Xeral Técnica o seu apoio e presenza nesta inauguración. O noso recoñecemento tamén á Axencia Galega para a xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

Transmíttolles a gratitude do Consello aos relatores e moderadores das mesas e, este ano especialmente, aos comités de ética asistencial (CEA) pola súa rápida aceptación para a participación con comunicacións e pola presenza de moitos dos seus membros entre nós esta tarde. Tamén ao resto dos asistentes que teredes aberta a participación no diálogo posterior aos relatorios.

Queremos aproveitar esta xornada para un agradecemento público por parte do Consello a José Antonio Seoane, presidente do Consello desde 2015 e ata hai escasas semanas, pola pegada deixada que permitiu a consolidación do Consello e que permite unha base sólida sobre a que continuar tentando cumprir as funcións deste.

A título persoal, a miña gratitude aos vogais e á secretaria do Consello por outorgarme a súa confianza para presidir o Consello desde hai pouco máis dun mes, nesta nova etapa. Neste sentido, un especial agradecemento a Teresa Conde e Ana Concheiro cuxo traballo a contrarreloxo nestes tempos de cambio permitiu que poidamos hoxe gozar desta xornada.

Bioética

Desde hai anos o Consello de Bioética de Galicia trata de visibilizar e difundir o seu traballo e dar a coñecer as súas funcións en xornadas como a que agora iniciamos. Estas xornadas, nalgúns ocasións, serviron tamén para presentar documentos que recollen as reflexións e recomendacións procedentes do traballo dos meses anteriores, traballo guiado por unha metodoloxía que podemos resumir como bioética deliberativa.

Neste último período o Consello atópase inmerso na reflexión sobre como axudar, desde as súas competencias, a desenvolver a planificación anticipada da atención sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. O dito desenvolvemento implica un cambio cualitativo moi significativo da relación clínica, cambio vinculado ao intento de mellorar a incorporación das preferencias e os valores dos pacientes sobre os seus coidados, buscando unha adecuada resposta ás súas necesidades.

A instauración e desenvolvemento desta planificación anticipada da atención xa foi motivo de preocupación e dedicación por parte do Consello, e anteriormente da Comisión Galega de Bioética, deixando constancia de reflexións e recomendacións sobre esta en, polo menos, dous documentos anteriores: “Os coidados ao final da vida” e “Ética, vulnerabilidade e ancianidade”. Este último entre as súas recomendacións incluía:

- **Para a Administración:** promover a planificación anticipada das decisións e os documentos de instrucións previas entre a cidadanía e facilitar o seu coñecemento e uso por parte dos profesionais asistenciais. Incluir na historia clínica un apartado para a historia de valores dos pacientes, de fácil consulta.
- **Para os profesionais:** explorar as preferencias e os valores dos pacientes sobre os seus coidados, axustar o proceso de información

Bioética

ás súas necesidades e circunstancias, e documentalos adecuadamente na historia.

- **Para a cidadanía:** tomar conciencia do que supón o proceso de envellecer no noso proxecto vital e das limitacións futuras que leva asociadas. Implicarnos na configuración dos coidados futuros a través da planificación anticipada das decisións e o documento de instrucións previas.

É pertinente lembrar tamén que na xornada anual correspondente a 2017, Vulnerabilidade e Bioética, o Consello, baixo o título de “Coidar a tempo, coidar no tempo”, propoñía a presentación de experiencias de planificación anticipada de decisións de distintas comunidades autónomas. Na dita mesa foi exposta a experiencia do comité de ética da área sanitaria de Ferrol, relatorio publicado e recuperable para incorporar á reflexión xunto aos que se expoñerán esta tarde.

A planificación anticipada da atención é un proceso de comunicación de valores, desexos e expectativas da persoa que se desenvolve de modo progresivo no seo da relación clínica e a continuidade asistencial. Debe tomar en consideración o contexto físico, psicolóxico, social e asistencial do paciente e a súa contorna afectiva, no que en determinadas fases do proceso terán grande importancia os coidadores.

Esta planificación require que o paciente pense acerca dos seus valores e preferencias sobre tratamentos e coidados cando non sexa posible a curación ou non poida comunicar os seus desexos. A planificación inclúe, polo menos, establecer metas de atención, clarificar opcións de tratamento

Bioética

aceptables e determinar o lugar onde unha persoa desexa pasar os últimos días da súa vida.

Neste proceso é importante que participe a familia ou as persoas que forman ou van constituír a contorna de coidado do enfermo. O proceso debe quedar rexistrado nun lugar adecuado na historia clínica do paciente.

O aumento de desenvolvemento destas accións de planificación verase facilitado se imos establecendo un novo marco de relación clínica baseado nun proceso de “decisións compartidas” e de aí o título da nosa xornada. Este tipo de relación clínica supón en si mesma, moitas veces, unha ferramenta terapéutica.

Esta planificación pode terminar ou non na redacción e rexistro dun documento de instrucións previas, cuxa redacción é desexable estea sempre precedida por un proceso de planificación da atención nun contexto de relación clínica de decisións compartidas.

O novo concepto de “atención centrada na relación”, que pretende superar o de atención centrada no paciente, atopa tamén a súa orixe nesta preocupación, ao facer énfase en que o determinante da calidade da atención vai ser a forma en que establezamos as relacións que se van producindo nese contexto que, cando chegan determinadas fases da enfermidade, xa non só é sanitario senón sociosanitario. Permítenos así facer énfase na recuperación de valores que deben estar presentes na relación como son a confianza, veracidade, respecto das preferencias, con respecto á intimidade e características individuais do paciente, sensibilidade especial coa vulnerabilidade e as desigualdades inxustas e, en definitiva, consideración das necesidades definidas polo paciente como o eixe da atención. A relación centrarase así no narrativo, en como a persoa quere seguir escribindo a súa vida ata a morte, buscando que a biografía individual sexa o eixe.

Bioética

A planificación establecida mediante este tipo de relación clínica permitíranos recuperar, especialmente aos médicos, a conciencia de que os grandes avances científico-técnicos das últimas décadas non só están na área da medicina curativa senón tamén na área do coidado. Quero lembrar aquí que tamén están presentes nunha área excesivamente esquecida na nosa formación como é a do pronóstico. Neste campo os estudos dos últimos anos sobre factores e escalas pronósticas, en enfermidades oncolóxicas e non oncolóxicas, poden mellorar as conversacións cos pacientes e os cuidadores para facilitar decisións compartidas.

O Consello de Bioética de Galicia é un órgano colexiado, permanente, consultivo, interdisciplinar e independente cuxa misión é asesorar a Administración e os profesionais da saúde, promover a formación bioética e a consideración da bioética como criterio de calidade e boa práctica profesional, e contribuír á información e favorecer o debate cívico sobre as dimensións éticas da práctica asistencial. Entre as súas funcións quero hoxe destacar especialmente unha que na Orde da Consellería de Sanidade do 16 de outubro de 2015 aparece así descrita: "Ser o órgano de referencia en materia de bioética dos comités de ética asistencial" (CEA).

Estes dous elementos sérveme para relatarvos o contido do traballo que se propón na xornada:

- Pedímoslles aos CEA que considerasen se podían expoñer algunha experiencia ou reflexión experiencial relacionada coa planificación anticipada da atención coa finalidade de enriquecer tanto a xornada como a liña de traballo na que o Consello ten intención de progresar.
- Así mesmo, e a partir desta función que o Consello quere potenciar aumentando o vínculo de traballo cos CEA, comunicar, compartir co

Bioética

Consello, cos outros CEA e demais asistentes outras liñas de traballo ou reflexións que puidesen enriquecer a xornada. De aí esa segunda mesa, “outras olladas”, cun título tan representativo do que é a bioética deliberativa: incorporar visións, vivencias, experiencias, percepcións distintas para que as decisións compartidas sexan mellores, de máis calidade e resolvan mellor os conflitos éticos e, en definitiva, os problemas das persoas. A pluralidade enriquecendo o singular, o auténtico, o especial de cada persoa no seu proceso de enfermarse.

Bioética

Empezamos a xornada co desexo de que o traballo de hoxe permita crecer a comunicación e coordinación entre os comités de ética asistencial e entre estes e o Consello e, sobre todo, axude na instauración e progreso de procesos de relación clínica que conduzan a compartir decisións na planificación da atención.

Juan Antonio Garrido

Presidente do Consello de Bioética de Galicia



Tecendo a Bioética: compartindo
decisións na planificación da atención

16:40 → 18:15
MESA REDONDA

DECISIONS COMPARTIDAS

Ana Concheiro Guisán



PLANIFICACIÓN COMPARTIDA DA ATENCIÓN. ESTAMOS PREPARADOS OS PROFESIONAIS?

Ángel López Triguero

A HISTORIA DE VALORES. PLANIFICACIÓN DA ATENCIÓN

Alfredo Valdés Paredes

A GASTROSTOMÍA ENDOSCÓPICA PERCUTÁNEA PARADIGMA DA CONTROVERSIA NA PLANIFICACIÓN ANTICIPADA DA ATENCIÓN

Luis Arenas Villarroel

18:30 → 20:00
MESA REDONDA

OUTRAS MIRADAS

Xurxo Hervada Vidal



ACTIVIDADE DOS ÚLTIMOS ANOS DO CEA DE LUGO-CENTRO

M.ª Aránzazu García Martínez

ACTIVIDADE DO COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL DE EOXI DA CORUÑA NOS ÚLTIMOS 10 ANOS. (2008-2018)

Mercedes Cao Vilariño

REFLEXIÓNS DENDE A PARTICIPACIÓN NUN COMITÉ

Marina Iglesias Gallego

ética

Decisiones compartidas

16:40 → 18:15

MESA REDONDA

MODERADORA → ANA CONCHEIRO GUIÁN

VICEPRESIDENTA DO CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

Boas tardes e benvidos a esta xornada que desde o Consello de Bioética de Galicia lles quere dar voz aos Comités de Ética Asistencial das nosas EOXI.

Nesta primeira mesa redonda, que leva por título "Decisiones compartidas", convidamos a esas voces a que nos relaten a súa visión da planificación compartida e anticipada dos coidados. Os relatores, todos eles cunha longa experiencia de traballo nos seus comités de ética asistencial, complementáanse de maneira harmoniosa, tecendo unha exposición compartida con puntos comúns, pero tamén, con distintos ángulos dentro dunha mesma perspectiva.

Abre a mesa Ángel López Triguero, vogal do CEA de Pontevedra e Salnés e profesional dos coidados paliativos, cunha cuestión directa, a pregunta de canto de preparados estamos os profesionais sanitarios para afrontar a planificación anticipada. Na súa reflexión o relator presentará o profesional mergullado no íntimo conflito de afrontar a súa propia finitude á hora de afrontar este coidado. Coidado que non só constituirá unha excelente práctica clínica, senón que a nivel persoal lle achegará beneficios indubidables. Con todo, o camiño non é fácil, pois existen barreiras internas, organizativas ou sociais, como as dificultades do propio paciente para vivir e afrontar a súa propia autonomía, que farán que mesmo os equipos

Bioética

profesionais máis directamente implicados nos procesos do final da vida refiran dificultades na instauración dunha planificación compartida. Esta deberá comezar cunha aprendizaxe fundamental, a de explorar e incorporar nas decisións os valores do paciente.

Da exploración e incorporación dos valores como labor intrínseco das nosas profesións sanitarias falará a continuación **Alfredo Valdés**, en representación do CEA da EOXI de Ourense que el preside. O seu relatorio fará un percorrido histórico, social e lexislativo das transformacións, como os cambios na forma de morrer ou na relación clínica, que nos conduciron a tentar construír, xunto cos nosos pacientes, a planificación dos seus cuidados. Este segundo relatorio inclúe a presentación das actividades do CEA da EOXI de Ourense orientadas á formación dos profesionais nesta boa práctica.

Por último, **Luis Arenas**, quen preside o CEA de Vigo, abordará desde a perspectiva bioética a práctica clínica da alimentación enteral por medios externos, sonda ou gastrostomía, intimamente relacionada co concepto de terminalidade. Neste relatorio situarémonos no momento do final da vida. Dúas situacións clínicas concretas e próximas, afrontadas polo CEA de VIGO, expoñen de maneira gráfica, unhas circunstancias onde os profesionais deberían saber explorar valores, revisar o seu carácter dinámico e modificable e integralos para tentar tomar a mellor decisión. O valor da anticipación e a conciencia dunha dinámica cambiante das circunstancias e das decisións son postos en valor.

Ao final dos tres relatorios darase paso a un tempo de coloquio que, sen dúbida, enriquecerá a mesa e complementará a visión desde os CEA da implicación dos nosos profesionais na planificación anticipada e compartida.

Bioética

1.1 ...Planificación compartida da atención. Estamos preparados os profesionais?

RELATOR → ÁNGEL LÓPEZ TRIGUERO
VOGAL. COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL. PONTEVEDRA

A orixe da planificación anticipada das decisións está no *advance care planning* norteamericano. Hai que entendelo, pois, nun contexto social no que a autonomía da persoa é unha prioridade. O Consello de Bioética de Galicia definiuno no seu documento "*Os cuidados ao final da vida, documento de recomendacións*" como un proceso de comunicación de valores, desexos e expectativas da persoa que se desenvolve de modo progresivo no seo da relación clínica e a continuidade asistencial e toma en consideración o contexto físico, psicolóxico, social e asistencial do paciente e o seu ámbito afectivo e de coidado. Desde o punto de vista ético o seu obxectivo é, por tanto, adecuar a atención sanitaria aos valores do individuo diagnosticado dunha enfermidade incurable. Este proceso non só procura salvagardar a autonomía do enfermo senón tamén facer o xusto (darlle a cada un o que lle corresponde segundo as súas necesidades), non facer dano (evitar intervencións fútiles ou o encarnizamento terapéutico) e facerlle o maior ben ao enfermo no final da súa vida (adecuar a atención ás necesidades realizando intervencións aceptables para a persoa e consentidas por el ou ela).

Nunha evolución conceptual do termo falamos de planificación compartida, cando o proceso, máis ben informativo ou interpretativo, evoluciona a un proceso máis relacional e deliberativo, no que equipo sanitario, paciente e familia realizan un plan conxunto para os cuidados que se van levar a cabo no futuro baseado nos valores do individuo.

Bioética

* * *

Pero, estamos preparados os profesionais para levar a cabo este proceso?

Na Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade da persoa ante o proceso final da súa vida que se debateu en 2018 no Congreso dos Deputados incluíase o dereito dos cidadáns para recibir información sobre a posibilidade de outorgar instrucións previas, así como establecer un plan anticipado de coidados. Isto sería algo bastante novo e esperanzador para o desenvolvemento da planificación compartida de saír adiante a lei, pero o mesmo texto non incluíu o deber para o profesional de poñerse ao choio e levar a cabo a planificación dos coidados para o futuro. Así, quedaría á vontade do profesional o feito de promover ou realizar a planificación compartida. E, doutra banda, esta dependería tamén do empeño dos hipoteticamente informados pacientes que desexasen levala a cabo.

Xorden agora varias cuestións: Quen informa da posibilidade de facer esta planificación? Ese ou eses profesionais teñen formación para iso? Teñen formación para levar a cabo a planificación da atención no futuro? Existe conciencia e cultura, tanto no ámbito sanitario como na sociedade, para levar a cabo este proceso con normalidade? A planificación sería realmente compartida? Participarían outros profesionais ademais do médico? Un paciente que non está informado do seu diagnóstico ou prognóstico pode participar nunha planificación compartida?

Evidentemente, cando algo novo se inicia sempre hai dificultades. Podemos enumerar algunhas a continuación:

- En canto ao enfermo, segue estando instalada na nosa sociedade a relación médico-paciente de tipo paternalista, aínda que a tendencia é que isto vai cambiando aos poucos. Moitos son os pacientes que adoptan unha actitude pasiva: *“faga o que crea mellor”*; *“a min non*

ética

me informe, fale coa miña filla”... Hai, ademais, falta de información sobre a posibilidade de ser activo na toma de decisións, de facer esta planificación de forma anticipada ou do dereito para outorgar instrucións previas ou a designar un representante. Por non falar do medo para falar da enfermidade, sobre todo de certas patoloxías, e do final da vida e a morte.

- Doutra banda, as familias e a contorna de coidado tamén descoñecen moitos destes aspectos e adoitan adoptar un rol protector, bloqueando ás veces a información ao paciente para evitar maiores sufrimentos, sen darse conta de que isto pode provocar no enfermo unha sensación de medo, angustia, soidade etc. Todo iso coa complicidade dos profesionais que, en moitos casos non sabemos afrontar un pacto de silencio e desmontalo.
- As organizacións sanitarias, salvo excepcións, non teñen a planificación compartida da atención como unha prioridade. Faltan programas de formación e de fomento destes procesos. O que máis interesa é aumentar os números nos rexistros de instrucións previas. Ademais, levar a cabo un proceso de planificación compartida require tempo dos profesionais, que non teñen as súas axendas adaptadas para estes mesteres. Ademais tampouco hai un lugar na historia clínica para rexistrar a historia de valores ou a planificación dos coidados futuros.
- Como se foi comentando os profesionais tamén temos as nosas dificultades. Estas desenvolveranse a continuación.

Bioética

* * *

Neste contexto que facemos os profesionais?

En primeiro lugar fáltanos formación en planificación compartida. Moitos profesionais, mesmo aqueles que deberían ter un papel crucial no desenvolvemento desta, non saben exactamente o que é. Moito menos como levala a cabo nin por que facela. Non nos paramos a reflexionar sobre os beneficios que pode ter para o paciente, para o respecto á súa dignidade e os seus valores, a súa autonomía. Énos máis fácil tomar decisións sobre a marcha porque, “con sorte”, non será necesario falar co paciente e bastará tratar estes temas coa familia. Falta, por tanto, tamén formación en bioética, en como explorar os valores do enfermo, e reflexionar sobre como facer as cousas mellor para garantir o respecto á súa dignidade. Cómpre engadir que a planificación compartida dos cuidados futuros tamén ten beneficios para as familias (maior satisfacción por cumprir os desexos do seu familiar, diminúe a carga pola toma de decisións do representante, pode facilitar o dó etc.) e para os propios profesionais (mellora a relación co enfermo e familia, facilita a toma de decisións, produce maior satisfacción polo traballo ben feito etc.).

Doutra banda, os profesionais non recibimos a axuda necesaria por parte das organizacións sanitarias. Como se dixo anteriormente as nosas axendas non están adaptadas para estar unha hora falando co enfermo e a súa familia. Os nosos obxectivos anuais tampouco van por aí. Non temos un lugar na historia clínica onde rexistrar a planificación compartida ou a historia de valores. Non se inclúen profesionais da psicoloxía e o traballo social nos equipos.

Ademais, a forma en que traballamos segue moi influenciada por vellos sistemas xerarquizados, non sabemos traballar en equipo, o modelo

ética

paternalista sobrevive nas nosas relacións cos enfermos e os aspectos físicos ocupan o noso tempo deixando en segundo plano os aspectos psicosociais e espirituais. Deixámonos levar por inercias e é común que cando o profesional sae dun cuarto informe a familia sen preguntarlle ao enfermo se quere que se informe e a quen. E, peor aínda, sen informar o propio paciente. Sen darnos conta, ou si, somos cómplices a diario de conspiracións para que o enfermo non saiba demasiado, e xustificámolo co privilexio terapéutico ou simplemente con que *"o paciente non pregunta"*.

Que profesionais deberían participar na planificación compartida é outra cuestión importante. O ámbito da atención primaria sería ideal, xa que os profesionais supostamente coñecen o paciente e a súa familia e a relación pode ser de maior proximidade e confianza. Ademais estes profesionais poderían seguir o proceso ata o final. Isto sería o ideal, aínda que sabemos que non é así en demasiados casos. A situación de deterioración da atención primaria, que non imos analizar agora, non axuda a levar a cabo esta importante tarefa. Outros profesionais poden ter un papel importante debido á súa implicación na cronicidade, como a hospitalización a domicilio e outros servizos hospitalarios que atenden a enfermos crónicos. Habería que valorar se estes últimos teñen integrado o traballo en equipo multidisciplinar que esta planificación necesitaría. De feito, ademais do médico, o persoal de enfermería debería participar activamente, non só no proceso de planificación compartida, senón tamén en promover que esta se leve a cabo. Sen esquecer que, falando de cronicidade, enfermidade avanzada, dependencia e final de vida, deberían participar tamén profesionais do traballo social e a psicoloxía, estes pouco frecuentes nos nosos equipos.

Bioética

Outro factor para ter en conta é a incerteza que estes procesos crónicos e progresivos levan consigo. Non é o mesmo falarlle do final da vida a unha persoa diagnosticada dun cancro con posibilidade de tratamento activo e esperanzas de curación que a outro con enfermidade metastásica e expectativa de vida de poucos meses. As enfermidades evolucionan de formas distintas en persoas diferentes e o que decidimos hoxe pode non ser válido para dentro duns meses, semanas ou días.

Ademais cada proceso de enfermidade ten as súas particularidades, que poden afectar a comunicación co enfermo e o proceso de planificación compartida. Os enfermos dela empezan a contar con grupos interdisciplinares que se encargan de atenderlles desde distintas perspectivas, facilitando a planificación dalgunhas cuestións relevantes. Enfermos doutras patoloxías non dispoñen deses equipos formais e poden chegar a fases finais sen que ningún profesional faloulles diso. Autores como Azucena Couceiro falan da EPOC como unha situación paradigmática na que a planificación de forma anticipada sería moi beneficiosa para o paciente, evitando a obstinación terapéutica e adecuando a atención aos valores e necesidades do enfermo. Con todo, moitos pacientes de EPOC chegan ao final da súa vida sen entender que a súa enfermidade non se pode curar. Algo estamos a facer mal os profesionais.

E que dicir das demencias, que afectan a persoas de idade avanzada, ás que xa de seu se lles oculta información coa intención de evitarlles preocupacións. Poucos destes pacientes reciben información sobre a súa enfermidade a tempo para poder tomar algunha decisión, e é frecuente que a familia non saiba cales eran as súas preferencias sobre o final da vida cando o seu familiar deixa de comer, ou ingresa repetidas veces, ou se encama. Eses momentos chegan e os profesionais sabémolo. Pero ao paciente non lle falamos diso, porque falar diso é difícil.

ética

E é que desde pequenos se nos programa para vivir e non para aceptar a nosa morte e a dos nosos seres queridos. Como profesionais ensínasenos a curar ou a coidar mentres se produce esa curación ou unha melloría. Como explicarlle a un enfermo que a súa enfermidade non vai curar e que vai ir a peor máis ou menos rápido? Moitos ven isto como un fracaso. Pero é unha realidade. A pesar de todos os avances da ciencia as persoas morremos. Se me custa aceptar isto dificilmente poderei falar co paciente dos cuidados que vai recibir cando estea na súa etapa final. Dificilmente poderei desmontar unha conspiración de silencio senón que me farei cómplice. Dificilmente poderei axudarlle a pechar a súa biografía. A nosa cultura sobre a morte fai que nos custe tremendamente falar dela cos nosos pacientes, explicarlles que tal enfermidade é progresiva e que pode chegar un momento en que a deterioración sexa enorme, produza sufrimento, posible incapacidade para tomar decisións, e a morte.

Á hora de tomar decisións para o futuro entran en xogo valores de vital importancia para a persoa. Coñecer estes valores fundamentais para o individuo é necesario para poder coidalo da mellor forma posible, mesmo en momentos nos que xa non poida expresar os seus desexos. As reunións para levar a cabo a planificación compartida poden ser intensas en certos momentos e o profesional debe estar capacitado para o acompañamento emocional e espiritual. Falar de valores fai que xurdan emocións e sentimentos, e hai que ter en conta que isto pon o profesional fronte aos seus propios valores e as súas propias emocións. Aos profesionais cústanos pensar na nosa propia morte e tratar estes temas pode facer cambalear as murallas que construímos para defendernos. Manter o equilibrio neses momentos require do profesional adestramento e habilidades comunicativas, e tamén un traballo persoal para tomar conciencia da propia finitude.

Bioética

* * *

Desde un punto de vista ético podemos debullar implicacións de todo isto que estamos a tratar e reflexionar en primeira persoa.

Unha vez que eu, como profesional, descubro a existencia do proceso de planificación compartida da atención para o futuro e a súa importancia debería formarme para adquirir habilidades para levala a cabo, ou ben para poder informar adecuadamente o enfermo (depende do lugar no que exerza a miña actividade). Pola contra, estaría a incorrer nunha falta deontolóxica, ao non actualizar os meus coñecementos da forma adecuada. Isto é unha irresponsabilidade e pode ser maleficiente. Evidentemente, a organización debería preocuparse tamén por que eu me forme. As sociedades científicas e colexios profesionais tamén poderían promover esta formación. Os gobernos poderían fomentar o cambio de cultura coas súas políticas.

Ademais, debería propoñer no meu equipo cambios organizativos para que desenvolvamos esta actividade, algo que pode ser complicado debido ás inercias e reticencias ao cambio de moitos profesionais. Habería que apelar tamén á responsabilidade do resto do equipo e da propia institución.

Debemos ter en conta que para dar unha boa atención debemos adecuar esta ás necesidades do enfermo, é dicir, darlle o que lle corresponde en cada momento. Para iso debemos coñecer cales son os seus valores, preocuparnos por saber que é o importante para esta persoa. Ao levar a cabo este proceso deliberativo poderemos ir explorando os valores, as preferencias, e ir completando a información que a persoa necesita para tomar decisións, para planificar o futuro. Este plan debe quedar correctamente rexistrado, accesible para os profesionais que coidan do paciente e debe ser actualizado periodicamente para adaptalo aos cambios

Bioética

que vaian xurdindo. Trátase de buscar a excelencia nos cuidados que lles prestamos ás persoas ás que atendemos.

Estamos preparados os profesionais? Segundo o exposto parece que hai bastantes dificultades pero non debemos caer no desánimo. Queda moito por facer, avanzar, cambiar pero podemos tomar esta xornada como unha oportunidade, unha semente que acabará dando o seu froito se asumimos a nosa responsabilidade para co enfermo.

BIBLIOGRAFÍA

Xunta de Galicia. Os cuidados ao final da vida, documento de recomendacións. Dispoñible en: https://www.sergas.es/Docs/Bioetica/Cuidados%20CAST_240912_link.pdf

Rietjens J, et al. Definition and recommendations for advance care planning: an international consensus supported by the European Association for Palliative Care. Dispoñible en www.thelancet.com/oncology. Vol 18. September 2017.

Sudore R, et al. Defining advance care planning for adults: A consensus definition from a multidisciplinary Delphi panel. *Journal of Pain and Symptom Management*. Vol. 53. N.º 5. May 2017.

Couceiro A, Pandiella A. La EPOC: un paradigma para el uso de directivas previas y la planificación anticipada de decisiones. *Archivos de Bronconeumología*. 2010; 46(6): 325-331.

Junta de Andalucía. Planificación anticipada de las decisiones. Guía de apoyo para profesionales. Dispoñible en: http://www.juntadeandalucia.es/salud/absys/documento/planificacion_anticipada_decisiones.pdf

Bioética

1.2 ... A historia de valores. Planificación da atención

RELATOR → ALFREDO VALDÉS PAREDES
PRESIDENTE. COMITÉ ÉTICA ASISTENCIAL OURENSE

O valor da historia

Na noite do 15 de abril de 1975 a moza de 25 anos Karen Ann Quinlan – filla adoptiva de Joseph e Julia Quinlan– foi trasladada inconsciente e en postura de decorticación ao servizo de urxencias do Newton Memorial Hospital (Nova Jersey). Permanecera sen respiración por un tempo que se estimaba duns 15 minutos. As circunstancias exactas que levaron a Karen á parada cardiorrespiratoria nunca foron totalmente esclarecidas. Nas análises de sangue detectáronse barbitúricos e benzodiazepinas, aínda que non en cantidades tóxicas.

Nos primeiros días do seu ingreso precisou a realización dunha traqueotomía para colocarlle un tubo para un respirador. Karen nunca recuperou a conciencia e a finais de maio diagnosticóuselle un ESTADO VEXETATIVO PERSISTENTE. Durante os primeiros meses os pais de Karen –uns católicos devotos– mantiveron a esperanza da recuperación da súa filla. Pero unha vez perdida esta comezaron a formularse a posibilidade de retirar o respirador artificial e permitir que morrese. Amparándose na alocución do Papa Pío XII aos anestesistas (1957) pensaban que era lícito retirar a Karen o respirador. Así pois, o 31 de xullo de 1975 Joseph e Julia Quinlan solicitaron aos médicos a desconexión do respirador artificial de Karen.

1 Bioética

O médico responsable o Dr. Morse comentouno con outros colegas e co servizo xurídico da institución e concluíu que retirar o respirador e permitir a morte de Karen era moralmente cuestionable e legalmente punible. O matrimonio Quinlan decidiu por tanto acudir ao xuíz para que nomease titor a Joseph Quinlan, coa expresa intención de ordenar o posterior cesamento do que consideraban medios extraordinarios de soporte vital.

O Tribunal Supremo de Nova Jersey ditaminou que autorizaría a decisión só se tras a constitución dun comité de ética na institución na que estaba ingresada Karen se confirmaba que o diagnóstico de EVP era irreversible...

O tribunal estaba a recomendar que os problemas ético-asistenciais se resolvesen no ámbito clínico, non no xurídico e ademais nun dos seus argumentos apela á necesidade de ter en conta outros DEREITOS E VALORES na toma de decisións.

Posteriormente casos como o do irmán Joseph Charles Fox (agosto 1979), e a señora Claire Conroy (xullo 1982) sitúannos nunha nova realidade sobre a toma de decisións ao final da vida, unha realidade e un debate que se manteñen actualmente.

Os avances as secuencias as linguaxes

No últimos cincuenta anos a forma de enfermar, a forma de curar e coidar, así como a forma de morrer cambiaron. O aumento da esperanza de vida, a aparición dos equipos de soporte vital avanzado, as unidades de medicina intensiva ou crítica e outras técnicas de soporte interveñen na forma de morrer producindo non poucas veces un desequilibrio entre cantidade e calidade de vida, xerando situacións de grande incerteza e moi complexas para a toma de decisións.

Bioética

Dunha parte, atopámonos con novos enfermos tanto agudos como crónicos moi graves e na maioría dos casos incapaces para tomar decisións, falamos de pacientes con demencia en estado terminal, estado vexetativo persistente, estado de mínima conciencia, estado vexetativo permanente, morte encefálica etc.

Doutra parte, atopámonos cunha nova realidade que nos sitúa na posibilidade de doazón de órganos e tecidos para transplante o que en certo xeito lle engadiría á toma de decisións un valor “oportunidade solidaria” entendido como legado ou herdanza e peche do proxecto vital da persoa.

Como noutros ámbitos da vida, a investigación, os avances científicos e técnicos traen consigo consecuencias que convidan á reflexión xerando cambios culturais sociais e legislativos. Os ditos cambios maniféstanse en respostas e linguaxes necesariamente complementarias.

A CIENCIA E OS SEUS AVANCES DEBEN DE IR DA MAN DO DEREITO E DA ÉTICA QUE SON AS LINGUAXES DO ESTADO E DA SOCIEDADE RESPECTIVAMENTE.

10 DE SETEMBRO DE 2019: NOTICIA DA RADIO PÚBLICA

FRANCIA COMEZA A REVISIÓN DOS LÍMITES DA BIOÉTICA, ENTENDIDA COMO A CIENCIA QUE ESTUDA OS ASPECTOS ÉTICOS DA BIOLOXÍA MEDIANTE UN PROXECTO DE LEI RELATIVO Á REPRODUCCIÓN ASISTIDA EN MULLERES SOLTEIRAS E PARELLAS DE LESBIANAS, ASÍ COMO A PROHIBICIÓN EN INVESTIGACIÓN CON EMBRIÓNS E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS LEGAIS CON RELACIÓN Á DOAZÓN DE ÓRGANOS E INVESTIGACIÓN CON CÉLULAS NAI, PATERNIDADE VERSUS ADOPCIÓN EN XESTACIÓN SUBROGADA,

bioética

IDENTIFICACIÓN DE DOADORES DE SEME POR PARTE DOS FILLOS UNHA VEZ ALCANZADA A MAIORÍA DE IDADE...

A REACCIÓN POR PARTE DA IGREXA, GRUPOS CONSERVADORES E OUTROS NON SE FIXO ESPERAR...

Os camiños democráticos, as liberdades, a nosa realidade

Tras o inicio da democracia en España, o noso ordenamento xurídico tratou de incorporar ás súas disposicións a necesidade ineludible de protexer a liberdade da cidadanía para xestionar o seu proxecto vital. No ámbito da saúde isto traducíuse na necesidade de garantir xuridicamente a protección do dereito do paciente para decidir sobre o seu corpo e a súa saúde a través do consentimento informado, vontades anticipadas e/ou instrucións previas.

Amparándose no Convenio de Oviedo ditouse, no ámbito estatal, a Lei 41/2002 do 14 de novembro partindo do principio básico de que o paciente ten dereito a decidir libremente despois de recibir a información adecuada entre as opcións clínicas dispoñibles. E mesmo contempla a posibilidade de que poida manifestar a súa vontade de forma anticipada a través do documento de instrucións previas.

Os modelos, a relación clínica

Aínda que nos anos 70 e 80 se fala de testamento vital e documento de instrucións previas como termos xurídicos, nos anos 90 fálase de planificación anticipada de decisións na procura do cambio cara a un modelo comunicativo acompañado de dúas particularidades.

Por unha banda, faise evidente a necesidade dos profesionais de profundar no proceso de comunicación sobre valores ou preferencias que hai que ter

Bioética

en conta con respecto á toma de decisións, doutra banda, iníciase unha nova estratexia que afasta o foco dos documentos en si para centrarse no propio proceso de toma de decisións, no que o documento pasaría a ser unha ferramenta máis do proceso.

No século XXI prodúcese un cambio na forma e no contido coa irrupción do modelo deliberativo que se fundamenta na calidade da relación clínica e na historia de valores, adiantándose así aos acontecementos e garantindo con iso que as decisións que se tomen sexan maduras.

Os feitos, os valores, os deberes

Os feitos están enmarcados nun contexto cargado de valores (económicos, culturais, relixiosos e estéticos) que debemos de incluír na toma de decisións. A análise precisa, profunda destes permitiranos diminuír a incerteza para chegar ao momento do deber, da toma de decisións nunha situación libre de angustia, sosegada e repousada como resultado deste novo modelo de “Deliberación Anticipada da Atención”.

OS VALORES ESTÁN PRESENTES NA RELACIÓN CLÍNICA HABITUAL, DETECTALOS E INCLUÍLOS NA TOMA DE DECISIONS FORMA PARTE DO NOSO LABOR PROFESIONAL, AXÚDANOS A RESPECTAR E MANTER UN EQUILIBRIO ENTRE O BO E O AUTÓNOMO NUN ÁMBITO DE XUSTIZA E BOA PRACTICA CLÍNICA

ética

As preguntas abertas. As propostas...

- Consideramos necesaria a abordaxe desta cuestión na práctica clínica...
- Percibimos que sexa unha cuestión que lles preocupa aos pacientes...
- Preocúpanos no ámbito persoal...

As propostas...

- Potenciar o papel dos CEA como ferramenta ou punta de lanza dunha nova cultura sanitaria que pasaría indefectiblemente polo papel educativo que poden desenvolver estes. Esta actitude proactiva e responsable prevé erros e mellora a calidade na toma de decisións.
- Formar a outros e autoformarnos debe de ser unha prioridade e unha iniciativa compartida desde os ámbitos profesional e institucional, ademais permitíranos achegarnos aos distintos escenarios da asistencia sanitaria e á poboación, por exemplo, mediante a promoción da medicina comunitaria, tan propia da atención primaria.

Como actitude responsable o CEA do CHUO preséntalle á xerencia deste (decembro 2018) un proxecto de formación sobre planificación anticipada de decisións para mellorar a práctica clínica.

Este proxecto materialízase a modo de taller de formación que se desenvolve no primeiro trimestre de 2019.

Ourense 14-09-2019

Bioética

1.3 ... A gastrostomía endoscópica percutánea paradigma da controversia na planificación anticipada da atención

RELATOR → LUIS ARENAS VILLARROEL
PRESIDENTE. COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL. VIGO

1. Introducción

A planificación anticipada da atención dos pacientes con enfermidades incurables de calquera tipo, pero principalmente oncolóxicas, neurodexenerativas ou asociadas a trastornos conxénitos ou grandes discapacidades, cando alcanzan un "estado" ou situación de "terminalidade", fai necesaria unha reflexión profunda sobre os obxectivos para cumprir, unha reavaliación do feito ata ese momento e de como nos imos afrontar e comportar con respecto aos feitos e situacións que se aveciñan.

Esta reflexión ética ten algunhas características concretas:

- a) Inicialmente debe ter un *carácter xeral* –problemática xeral do paciente enfermo, comorbilidades, aceptación do proceso e o seu pronóstico, relacións familiares, atención psicolóxica etc. e en segundo lugar un *carácter específico*– posicionamento do paciente e os seus familiares con respecto a tratamentos ou procedementos concretos (quimio-radioterapias paliativas, ingresos hospitalarios versus atención domiciliaria, nutrición enteral, manobras de reanimación cardiopulmonar etc.)

Ética

- b) *É individual*—do propio médico—equipo responsable da atención e sobre todo debe ser *compartida*— co paciente como principal axente e a súa familia (ou cuidadores ou representantes) e non menos importante pola carga, a responsabilidade e o desgaste que supón o coidado e acompañamento do paciente. Non ignoremos que aínda que teñamos a percepción de que o paciente e a familia “se deixan ir” arrastrados pola forza dos acontecementos, son portadores das súas angustias resultado da incerteza e o sufrimento que viven, e tamén eles reflexionan sobre o devir e teñen as súas propias ideas froito dos seus valores e proxectos de vida. Esta problemática quedou exposta nas intervencións previas.
- c) *É dinámica*, non é estática. Isto quere dicir para nós —e aprendémolo do Diego Gracia dos seus primeiros artigos ao comparar e equiparar o método da Ética ao método da Clínica—, a reflexión está en continua revisión, para que aquelas actuacións que no seu momento se puxeron en marcha por “útiles”, non terminen resultando “fútiles” co discorrer da evolución da enfermidade.

2. Exposición de dúas situacións clínicas

Un dos problemas concretos dos que falabamos e que xeran un debate moi encarnizado, non xa só a nivel xeral —favorecido pola prensa sensacionalista ou non—, senón tamén entre os axentes implicados familia/paciente e entre os mesmos profesionais, é o da problemática sobre a alimentación enteral a través de sonda nasogástrica e, principalmente, a través dunha gastrostomía percutánea (PEG), a pacientes en situacións de “terminalidade” con

Bioética

imposibilidade para a alimentación oral. Para iso imos presentar dous casos –similar a outros tantos que chegaron aos nosos CEA–, para posteriormente tratar de aclarar algúns dos aspectos concretos máis importantes.

CASO 1. NEUROLOXÍA

RESUMO E SOLICITUDE: Home de 81 anos dislipémico que ingresa o día 5/12/XX por perda de forza en membro inferior esquerdo, difícil anamnese, pero podería ser brusca polo que se interpreta como probable ictus minor. O día 07/12/XX, ás 21:42, o paciente presenta cadro brusco de imposibilidade para a emisión da linguaxe e monoparesia membro inferior dereito polo que se activa o código ictus. Realízase TC cerebral urxente no que non se obxectiva lesións agudas e anxioTC cerebral que constata permeabilidade de grandes arterias pero incidentalmente evidénciase dilatación aneurismática de 8 x 5 mm na unión entre arteria vertebral esquerda e arteria basilar. Masa de 3.5 x 1.9 cm de diámetro intratraqueal, obliterando máis do 50 % da luz. Dada a posibilidade ictus recente, o aneurisma arterial intracraneal e a existencia dunha masa traqueal decídese non fibrinolisar e que permaneza na unidade de ictus monitorado. Realízase resonancia cerebral na que se obxectiva transformación hemorráxica de lesión isquémica subaguda en rexión frontal esquerda. O estudo cardiolóxico (holter e ecocardiograma) foi normal. Páutase antibioterapia por pneumonía probablemente broncoaspirativa. Foi valorado por otorrinolaringoloxía que comentaron o caso no Comité Clínico de Tumores apuntando que podería valorarse radioterapia da lesión. A familia (irmán e sobriños, non ten muller nin fillos) non queren que se tome ningunha medida activa tanto en relación co seu tumor nin sequera colocación de sonda nasogástrica. Explican

Ética

que o paciente expresou verbalmente, cando podía falar, que se chegaba a unha situación como a similar non quería tratamento. Actualmente, o paciente está consciente, presenta afasia global, non comprende ordes nin emite linguaxe pero parece comprender algunha orde por mímica, permanece con hemiplexia dereita. Disfagia actual que impide tolerancia vía oral. Leva 10 días con soroterapia, polo que dada a estabilidade do seu ictus habería que iniciar alimentación, nestes momentos, por sonda nasogástrica inicialmente. Pero a familia insiste en que non queren que se lle coloque. **Ante a formulación ética/legal que expón o dito caso (colocación de SNG a pesar que a familia se opón ou non poñerla co que o paciente falecería de inanición) infórmase do caso ao Comité Ético.**

DELIBERACIÓN E CONCLUSIÓN: Iníciase o proceso de deliberación. Achéganse os informes complementarios. Defínense os problemas clínicos e non clínicos (sobre a autonomía do paciente e a non existencia de documento de instrucións previas; sobre a estrutura familiar do paciente e a súa posición acerca do pronóstico vital e un posible rexeitamento do tratamento (RT) ou limitación do esforzo terapéutico (LET); analízanse os problemas morais e determínase o problema moral principal –conveniencia ética de establecer a alimentación do paciente por SNG en contra da opinión da familia–. Analízanse os valores afectados, a autonomía –carencia de doc. instrucións previas, incapacidade temporal para a súa expresión polo paciente e representación subrogada–; a beneficencia-non maleficencia e a xustiza e os conflitos entre eles.

A CONCLUSIÓN DO CEA foi determinar que o curso óptimo de acción no momento da consulta, valorando a situación neurolóxica do paciente, as

Bioética

comorbilidades oncológicas expostas e a carencia de datos sobre o seu pronóstico vital a curto-medio prazo, era eticamente máis aconsellable e prudente manter a alimentación por medio de sondaxe nasogástrica.

Con todo, a pesar de que a situación evolucionou favorablemente, debemos recomendar unha estreita observación da evolución clínica que permita decidir correctamente sobre posibles actitudes de limitación do esforzo terapéutico nun futuro mediato.

EVOLUCIÓN: No momento da consulta ao CEA mantense soroterapia e formúlase a necesidade de instaurar nos días seguintes alimentación por sonda nasogástrica (SNG) que a familia rexeita, pero ás 48-72 h iníciase tolerancia de alimentos por vía oral con xelatinas que o paciente tolera. Nos días sucesivos a tolerancia por vía oral confírmase con tolerancia de xelatinas, iogures, dieta por turmix, así como melloría lixeira da súa situación neurolóxica (nivel de alerta, resposta a ordes sinxelas, melloría da linguaxe...)

CASO 2. ENDOCRINOLOXÍA

RESUMO E SOLICITUDE: Paciente muller, de 86 anos con antecedentes referidos de miopía magna severa desde nacemento, intervida de cataratas, con cegueira do OI e independente para as actividades básicas da vida diaria que sofre un cadro de hemiparesia esq. o 5.8.XX polo que ingresa no S. de Neuroloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro (HAC) e foi alta co diagnóstico de: ictus isquémico de ACM dereita de etioloxía indeterminada fibrinolizado, con melloría clínica pero persiste no momento da alta leve hemiparesia esq. e NHSS 4. Reingresa de novo o 25.6.XX por novo ictus isquémico da ACM que non mellora coa fibrinólise, aparece

Bioética

fibrilación auricular (FA) e precisa sonda nasogástrica (SNG) para a súa alimentación, acórdase coa familia valoración nun prazo curto de tempo a necesidade de gastrostomía se non tolerase a nutrición oral. NIHSS 28. Á alta, diagnóstico de: *PACI esq. de probable etiología cardioembólica; FA de inicio indeterminado*. En setembro evidénciase que a evolución é negativa con secuelas graves (hemiplexia dta., afasia e alimentación por SNG) ademais de sinalar os cuidadores a rixidez xeneralizada con tendencia á postura de flexión das 4 extremidades. Ingreso en S. de Dixestivo nese mesmo mes para colocación de gastrostomía endoscópica percutánea (PEG) e inicia nutrición enteral tras a alta o día 21.9.XX. Desde o último ingreso en Neuroloxía deterioración clínica progresiva. Nas observacións do curso clínico de Endocrinoloxía, con ocasión das solicitudes de renovación da nutrición enteral, fanse referencias non concordantes acerca do mantemento da nutrición enteral e este servizo é o que solicita valoración polo CEA preguntando se é ético continuar ou non coa nutrición enteral, xa que a familia solicita ao Servizo de Nutrición a autorización para suspender a achega de nutrición enteral dada a mala calidade vida actual da paciente que é dependente para todas as ABVD e presenta episodios frecuentes de axitación e desorientación. **O Servizo de Nutrición considerou que se podía interromper a nutrición enteral**, (GUIAS ESPEN de 2016, sobre Nutrición Enteral en Demencia), **dado o estado actual de demencia avanzada, pero o seu médico de atención primaria non está de acordo con esta decisión clínica. Ante a discrepancia entre diferentes profesionais da saúde responsables da paciente, rogo a vosa valoración.**

Dado que a última valoración neurolóxica databa de case un ano solicítase ao S. de Neuroloxía informe tras reavaliación presencial da paciente, concluída: Situación actual funcional: vida cama-cadeira de

Bioética

brazos, totalmente dependente para todas as ABVD, incontinencia mixta, desconexión parcial do medio (responde a estímulos externos pero de forma errática), imposible comunicación adecuada coa paciente por afasia mixta e disartria severa. Prognóstico: nula melloría desde última visita; dada a lesión cerebral extensa que presenta non é esperable ningunha melloría na situación neurolóxica da paciente.

DELIBERACIÓN E CONCLUSIÓN: Recóllense os informes complementarios e iníciase o proceso de deliberación. Defínense os problemas clínicos e non clínicos (sobre a autonomía da paciente e a non existencia de documento de instrucións previas; sobre a estrutura familiar da paciente –vive coa filla que expón a decisión de parar coa nutrición enteral pero reconece a súa incapacidade e non desexo de ser ela quen tome a decisión; outro fillo sen contacto; analízanse as diferentes posturas acerca da LET por parte de S. de Endocrinoloxía e Atención Primaria, a relación destes coa paciente e a súa familia... Analízanse diversos problemas morais como son:

- Se é eticamente aceptable a colocación dunha PEG nunha paciente cun grao de deterioración neurolóxica e o seu prognóstico como o descrito no momento da súa colocación?
- Se ante unha situación de diferenza de criterios por parte dos facultativos sobre o mantemento ou cesamento da NE nun paciente determinado, é ético transmitirle á paciente posturas ou criterios individuais sen facer unha formulación común en sesión clínica, aínda cando o resultado sexa discordante?
- Se é eticamente aceptable cesar coa NE a través dunha PEG nunha paciente na situación de deterioración neurolóxica irreversible como é o caso que nos ocupa?

ética

Por último determínase como problema moral principal, obxecto da consulta ao CEA, o último dos expostos.

Do mesmo xeito que no caso anterior analízanse os valores e principios afectados a AUTONOMÍA –carencia de doc. instrucións previas, expresión subrogada, legal, pero imperfecta desta–, a BENEFICENCIA-NON MALEFICENCIA (as actuacións beneficentes son aquelas que perseguen o maior beneficio do paciente. O mantemento da NE a través dunha PEG é un coidado básico –alimentación– e, ademais pódese considerar un procedemento de soporte vital. Nese sentido, sempre sería beneficente, xa que a súa retirada supoñería o falecemento desta, pero, non podemos ignorar que cando os coidados básicos ou as medidas de soporte vital se afastan da proporcionalidade pola complexidade técnica que as soportan, o seu mantemento pódese converter en obstinación ao impedir que o proceso do final da vida dunha persoa teña lugar e, neste caso, deixaría de ser beneficente e o seu mantemento –alongar unha vida sen pronóstico de melloría prolongando o sufrimento da paciente estaría a converter en maleficente); XUSTIZA (o respecto ao principio de Xustiza como sucede co principio de Non Maleficencia– ambos os principios da ética de mínimos é incuestionable. Na análise concreta de cada caso é máis fácil achegarse a este principio valorando se os tratamentos indicados ou postos en marcha son útiles ou se demostraron fútiles para conseguir o fin proposto cando se indicaron ou instauraron. Se un tratamento é fútil por ineficaz, afecta a Xustiza distributiva polo consumo de recursos e, máis importante, afecta o paciente en canto lesiona o respecto á súa dignidade como ser humano. Como o que é fútil nun momento é moi posible que fose útil previamente, non se pode afirmar que hai un punto concreto de paso dunha valoración á seguinte senón un espazo de tempo que hai que saber recoñecer en cada caso exposto.

Bioética

A CONCLUSIÓN DO CEA foi: *Entendendo que a paciente pola deterioración neurolóxica á que chegou e o seu carácter progresivo, se atopa no proceso do final da súa vida e, ante a ausencia de posibilidade de melloría do seu pronóstico vital, é eticamente aceptable cesar no mantemento da nutrición enteral a través da sonda de gastrostomía e programar o seu ingreso na Unidade de Cuidados Paliativos para asegurarlle a ela e aos seus familiares o máximo confort e cuidados no proceso de morrer e o seu acompañamento.*

EVOLUCIÓN. Ante a claudicación familiar xestionouse e conseguiuase ingreso en residencia asistida onde a paciente vive 9 meses máis seguindo coa súa nutrición enteral por PEG. Ingresou ao cabo dese tempo en S. de MI por vómitos e clínica compatible con pneumonía por broncoaspiración e termina o seu informe da seguinte maneira: "Ao ingreso iniciouse tratamento antibiótico e broncodilatador con persistencia de secrecións respiratorias e taquipnea. Na súa residencia presentaba episodios frecuentes de broncoaspiración que trataban con broncodilatadores e antibióticos por PEG. Dada a mala evolución decidiuse limitar o esforzo terapéutico e manter unicamente medidas de confort. Produciuse exitus aos 6 días do ingreso".

Bioética

3. Algunhas consideracións críticas

Sen entrar na análise profunda de ambos os casos, o que nos levaría polo menos tanto tempo como ao noso CEA no seu momento, é fácil ver:

- a) Unha formulación prematura e superficial no caso 1, con ausencia dun criterio prognóstico firme, dado que a evolución deste, aos poucos días foi sensiblemente diferente á prognosticada. Formulación froito, probablemente do temor ao exercicio de posibles reclamacións ou accións legais por parte dos familiares.
- b) Sobrevaloración da autonomía por representación –forma imperfecta da expresión da autonomía– en cuestións que lle afectan á integridade física do paciente.
- c) O persoal médico é/debe ser, por principios ético-deontolóxicos, tamén garante das actuacións beneficentes para o paciente.
- d) Déficit na asunción principal de responsabilidade na atención a un paciente que, como no Caso 2, flutúa entre atención primaria (con ausencia completa de relación de confianza) e servizos especializados.
- e) Non existencia de información como un “proceso progresivo e continuo” en beneficio do paciente e a súa familia, o que dificulta a comprensión e asunción de decisións complexas, que sempre deben ser compartidas.
- f) Por parte do CEA, como non podía ser doutra maneira, a non existencia de ningún posicionamento “a priori”. Conclusións diferentes para alternativas en certo xeito tecnicamente similares.

Bioética

4. Terminalidade, Utilidade-Futilidade. Alimentación-hidratación. É a PEG unha medida de alimentación ou é unha medida de soporte vital?

Con respecto ao concepto de terminalidade é moi importante non falar de enfermidade terminal. A enfermidade é un criterio conceptual froito da abstracción intelectual, en base a uns conceptos previamente asimilados. Non existen as enfermidades, senón os pacientes afectos dunha determinada problemática. O paciente "A" padece unha infección pulmonar polo bacilo da tuberculose, e ten connotacións completamente diferentes do paciente "B" no que tamén se detecta o mesmo bacilo. Idades e condicións físicas diferentes, comorbilidades, hábitos e resposta aos tratamentos diferentes... ambos teñen tuberculose ou ambos están afectos dunha infección tuberculosa?

Por iso, para unha formulación correcta sobre medidas concretas –como pode ser a PEG– é necesario determinar en que fase do proceso do final da vida das persoas estamos: 1. Fase con posibilidade de prolongar a supervivencia; 2. Fase paliativa na que os medicamentos ou outros procedementos melloran a calidade de vida e a sintomatoloxía (estado/situación *terminal* –prognóstico vital non maior de 6 meses–; *preagónica* –prognóstico de semanas–; *agónica* –prognóstico de días/horas) –.

Hai que evitar erros de formulación no recoñecemento das terminalidades (erros por sobre ou infradiagnóstico), e iso só se pode conseguir mediante o seguimento evolutivo do paciente e a revisión constante do seu estado.

Tamén é sensiblemente diferente a valoración de terminalidade en patoloxía oncolóxica fronte á patoloxía neurolóxica, e dentro desta a derivada das

Bioética

lesións agudas encefálicas –traumáticas, metabólicas ou anóxicas– das derivadas do dano cerebral asociado ás demencias.

Con respecto ao concepto de futilidade podemos aceptar o proposto por M. Iceta que a define como: “aquele acto médico cuxa aplicación a un enfermo está desaconsellada porque é clinicamente ineficaz, non mellora o pronóstico, os síntomas ou as enfermidades intercorrentes, ou porque previsiblemente produce prexuízos persoais, familiares, económicos ou sociais, desproporcionados ao beneficio esperado”¹.

Claro que a dificultade estriba, entre outros aspectos, do concepto en determinar o que se considera proporcionado e desproporcionado e, nese sentido, Juan Luís Trueba sinala varios elementos para ter en conta²: I) confianza no éxito do tratamento; II) calidade humana na vida conservada (conciencia e liberdade eficaz); III) tempo previsto de supervivencia; IIII) molestias ocasionadas ao paciente/familiares; IIIII) custo do tratamento/procedemento en perspectiva individual, familiar e social.

Hai tratamentos e procedementos que son claramente fútiles desde a formulación inicial e, por tanto, non indicados. A súa posta en marcha sería un acto claramente maleficiente, pero a dificultade estriba en saber e recoñecer cando un tratamento que inicialmente foi pola súa eficacia –potencial ou real–, devén en fútil co paso do tempo debido á evolución da situación do paciente.

1 M. Iceta Gavicagogeascoa, *El concepto médico de la futilidad y su aplicación clínica*. Tesis doctoral, Dpto. de Bioética, Universidad de Navarra, Pamplona, 1995.

2 Juan Luis Trueba. Jefe Sección Neurología. Hosp. Universitario Doce de Octubre. Madrid, en: *La Limitación del Esfuerzo terapéutico*, Cap. *Los marcos asistenciales en la limitación del esfuerzo terapéutico*. Dilemas éticos en la medicina actual. Universidad Pontificia de Comillas, Madrid 2006.

Bioética

No caso da PEG, a súa implantación no medio hospitalario, non poucas veces é froito das “presións” ou “préas” por dar saída a un problema ou “non prolongar a estancia do paciente máis aló do estatisticamente recomendado”. Non sempre se decide polo responsable médico habitual do paciente e, en non poucas ocasións, co suficiente grao de información para os familiares, sobre as súas consecuencias e moito menos sobre a posibilidade da súa retirada tras unha ulterior reavaliación.

Con respecto á disxuntiva da alimentación-hidratación como “coidado básico” ou “medida de soporte vital”

Fronte a un problema ou realidade complexos, novamente neste binomio, a nosa mente tende a ser dilemática no canto de adoptar unha resposta “problemática”.

Por que a alimentación-hidratación non son consideradas como medidas de soporte vital como o son a reanimación cardio-pulmonar, a ventilación mecánica, as técnicas de circulación asistida, a diálise, os marcapasos, a oxigenación extracorpórea, as drogas vasoactivas etc.? Porque o concepto de soporte vital está asociado ao desenvolvemento técnico –creación das UCI/UVI, ao desenvolvemento dos riles artificiais e aos procedementos médico-tecnolóxicos derivados diso, mentres que a alimentación está asociada ao coidado básico dos seres humanos e, por tanto, dos seres humanos enfermos, desde os albores da existencia. Non se pode suprimir este concepto da nosa realidade antropolóxica.

Pero se podemos “aprender” novos conceptos. **Hai accións que son e forman parte do coidado básico das persoas e que tamén son soporte vital destas en situación de enfermidade.**

ética

Por iso, se cando un paciente está en situación agónica ou preagónica – próximo o seu falecemento–, non nos empeñamos en introducirle á forza os alimentos ou a bebida pola boca causándolle desasosego ou dor ou atragoamentos con risco de broncoaspiracións, por que nos temos que empeñar en encher o seu estómago de forma artificial con alimentos con algún destes riscos e sen posibilidade de alivalo? É a hora dos cuidados finais.

5. Conclusión

Non exerceremos unha boa medicina, sen construír unha relación médico-paciente/familia de cordialidade e confianza. Sobre ela e con eles, con traballo, dedicación, pedagogía e esforzo deberemos establecer un plan de cuidados ante a situación de enfermarse que lle tocou vivir, un plan xeral conforme os seus valores e crenzas e plans concretos con respecto a situacións especiais que se nos van presentar –RCP, ingresos hospitalarios, tratamentos ou procedementos invasivos como a PEG- etc. axudándolle ao paciente na toma de decisións difíciles e devolvéndolle á medicina tecnolóxica o contido humano perdido.

Bioética

Tecendo a Bioética: compartindo
decisións na planificación da atención

Decisións compartidas

18:30 → 20:00

MESA REDONDA

OUTRAS MIRADAS

Xurxo Hervada Vidal



ACTIVIDADE DOS ÚLTIMOS ANOS DO CEA DE LUGO-CENTRO

M.ª Aránzazu García Martínez

ACTIVIDADE DO COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL DE EOXI DA CORUÑA NOS ÚLTIMOS 10 ANOS. (2008-2018)

Mercedes Cao Vilariño

REFLEXIÓNS DENDE A PARTICIPACIÓN NUN COMITÉ

Marina Iglesias Gallego

ética

18:30 → 20:00

MESA REDONDA

Outras olladas

MODERADOR → XURXO HERVADA VIDAL

VOGAL DO CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

De novo, boas tardes e grazas por continuar connosco.

Nesta mesa imos dar paso a “outras olladas”, e para iso imos non tanto a modificar o enfoque como a amplialo, non centrándonos no tema concreto da planificación anticipada, sen descartalo, senón repasando as sistemáticas de traballo e as principais liñas de actividade de tres comités de ética asistencial de longa traxectoria, o que seguro nos permitirán valiosos ensinamentos non tanto nas similitudes como nas diferenzas entre eles.

Intervirá en primeiro lugar **Arantza García Martínez**, presidenta desde hai dous anos do Comité de Ética Asistencial de Lugo (vogal desde 2009, tras seguir un curso de experta en Bioética na Universidade Complutense de Madrid), especialista en medicina familiar e comunitaria, con 23 anos

Bioética

de experiencia en hospitalización a domicilio, os últimos 6 anos na unidade de cuidados paliativos.

Tras un breve repaso á historia do comité e a súa composición (renovada neste 2019) Arantza falará da sistemática de traballo que seguen e dos diferentes tipos de casos sobre os que deliberaron desde o ano 2015.

Dedicará un tempo para comentarnos diversos aspectos da actividade docente levada a cabo e os documentos elaborados.

Finalmente revisará a actividade despregada polo CEA no tema da planificación anticipada da asistencia.

A segunda relatora, Mercedes Cao Vilariño, é vogal do CEA da Coruña (desde hai case seis anos), especialista en nefroloxía formada no CHUAC no que continuou ao finalizar, alá no ano 1995. Desde sempre interesada polos problemas éticos relacionados co tratamento substitutivo renal e outras terapias do seu campo.

Mercedes vai facer un repaso do traballo do CEA, empezando pola súa composición actual e metodoloxía de traballo, e falará de como funcionan os grupos de traballo constituídos dentro do CEA e dos temas nos que se centran: consentimento informado, valoración do doante vivo e, o máis novo, das instrucións previas.

Tamén nos falará da análise de casos tratados e dos protocolos que impulsaron a resaltar o seu traballo en formación, coa elaboración de pílulas colgadas na intranet. Profundará nunha delas, que toca o tema da limitación do esforzo terapéutico, un tema no que as decisións compartidas resultan claves para que o proceso transcorra de maneira fluída. Tócao

1 ética

dunha maneira práctica, presentando un caso concreto e analizando os dilemas éticos que hai que abordar para anticiparse aos conflitos ou obter a mellor solución para eles.

En terceiro lugar, Marina Iglesias Gallego, especialista en medicina interna formada en Ourense entre 1993 e 1997. Tamén é doutora pola USC, mestrado en Xereontoloxía e especialista universitaria en coidados paliativos. Desde o 2001 traballa en hospitalización a domicilio no Hospital de Barbanza.

Mariña é vogal do CEA de Santiago de Compostela desde o ano 2012, foi presidenta deste 2015 ata a renovación deste ano, e faranos partícipes tanto da metodoloxía de traballo e ocupacións e preocupacións do seu CEA como das reflexións que lle suscitou a súa participación neste comité. Seguro que a todos os que estades ou estivestes implicados no traballo dun CEA as súas palabras vos soarán a algo coñecido pero estou seguro que este exercicio de destilación da súa experiencia permitiravos apreciar novos enfoques ou sabores no traballo dos CEA, ou resaltar aspectos non apreciados anteriormente.

É o que ten mirar coa mirada doutro, as mesmas cousas adquiren sempre un contorno, un brillo, un fondo diferente, aínda que sexa por pouco.

En definitiva, non me cabe dúbida que ao finalizar as súas intervencións teremos unha visión moito máis clara das tarefas que asumen os CEA, pero tamén moitas preguntas.

Deixaremos un tempo para contestalas tras a intervención das tres relatores. Sen máis, comezamos.

Bioética

2.1 ... Actividade dos últimos anos do cea de Lugo-centro

RELATORA → M.ª ARÁNZAZU GARCÍA MARTÍNEZ
PRESIDENTA. COMITÉ ÉTICA ASISTENCIAL. LUGO

1. BREVE HISTORIA DO COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL DE LUGO

(pendente de elaborar). Código ético, 2010.

2. COMPOSICIÓN ACTUAL. Renovación recente (2019).

3. ACTIVIDADE GLOBAL: O CEA de Lugo centro desenvolve a súa actividade a través das seguintes liñas ou actividades principais:

A) REUNIÓNS ORDINARIAS

O CEA réunese cunha periodicidade bimensual. O contido habitual das ditas reunións adoita ser organización da actividade docente relacionada coa Bioética que se vai desenvolver na área durante o ano. En ocasións, dáselles resposta a posibles cuestións de conflito ético expostas pola dirección, que non requiran do uso do método de deliberación como tal.

B) REUNIÓNS EXTRAORDINARIAS

Nelas delibéranse os casos presentados. A casuística dos últimos 5 anos expónse a continuación (inclúense documentos elaborados a petición da dirección médica e traballados nas reunións ordinarias):

2015 → 1 caso

→ Psiquiatría: internamento involuntario por problemática social

Bioética

2016 → 5 casos

- Cardioloxía: asesoramento na elaboración do consentimento informado para a posta en marcha da Unidade de Rehabilitación Cardíaca
- Anestesia e Reanimación: incentivos á doazón de órganos
- Asesoramento á Dirección Médica sobre tratamento nos medios de datos sanitarios (a propósito dun caso de infección por virus Zika)
- Análise documento remitido pola Dirección Médica, en relación co uso de mostras de soro de pacientes do Servizo de Alerxia por un laboratorio médico
- Análise sobre a consulta realizada pola subdirectora médica ao CEA, respecto do Proxecto Serum Pool

2017 → 4 casos

- Psicoloxía -USM: Avaliación da competencia en paciente VIH con demencia
- Pneumoloxía: ELA e conspiración do silencio
- Dirección Médica: ensaio clínico
- Dirección Médica: asesoramento sobre documento elaborado pola dirección acerca de “non facilitación de información sobre se un paciente está ou non ingresado”

2018 → 3 casos

- Neurocirurxía: adecuación terapéutica e decisións por representación
- Consulta de familiar de paciente sobre proceso de sedación en UCP
- Asesoramento na elaboración dun documento polo servizo de Neuroloxía e Farmacia sobre o uso de Lancosamida para o status epiléptico (e o consentimento informado)

Bioética

2019 → 5 casos

- Consulta de familiar de paciente sobre proceso de sedación. Conflicto entre familiares. Confusión conceptos, sedación paliativa-eutanasia
- Psiquiatría/U. Alcoholismo: confidencialidade nos xustificantes de asistencia a consultas
- U. mama: solicitude de procedemento non claramente indicado
- CVA: rexeitamento de transfusión en testemuña de Xehová
- Anestesioloxía e Reanimación: desconexión en paciente con morte cerebral

C) ACTIVIDADE DOCENTE

Programación anual/docencia curso básico de residentes: 12 h

Tema 1: Introducción á Bioética. Os CEA: funcións. A deliberación como método

Tema 2: Autonomía. Confidencialidade

Tema 3: Conflictos éticos do principio da vida

Tema 4: Conflictos éticos do final da vida. Planificación anticipada da asistencia

Outras actividades docentes:

2014: Curso básico para médicos e enfermeiras (colexios)

2017: Confidencialidade. Charlas de 30 minutos para persoal de servizos centrais

2018: Planificación anticipada da asistencia

2019: Mesa sobre “morte asistida” (colexios médicos –en preparación–)

ética

Difusión documentos elaborados polo Consello mediante sesións xerais no HULA:

- 2. Os cuidados ao final da vida (2012): 2013
- 3. Intimidade e Confidencialidade: obriga moral e compromiso ético (2013): 2014
- 6. Ética no acceso e no uso da documentación clínica. Reflexións e recomendacións (2017): Hospital e colexios médicos

D) ELABORACIÓN DE PROTOCOLOS E DOCUMENTOS

- Tríptico CEA: funcións, contacto
- Tríptico Planificación anticipada
- Documento de recomendacións para sedación paliativa
- Documento de axuda á toma de decisións
- Contidos actualizados na Intranet (comunidades), 2019

E) FORMACIÓN CONTINUADA

- Formación avanzada (mestrado ou especialista en Bioética clínica)
- Formación ACIS (edicións 2016-17 e 2018-19) (alumnado e docentes)
- Revisión tema "Maternidade subrogada". Xuño 2017
- Revisión tema "Morte asistida". Xuño 2018
- Sesión monográfica sobre Death Café. Xaneiro 2019
- Revisión tema "Medicina do desexo". Outubro 2019

Bioética

4. ACTIVIDADE RELACIONADA COA PLANIFICACIÓN ANTICIPADA DA ASISTENCIA

2015:

- Sesión dirixida á poboación xeral (salón de actos da deputación provincial)
- Sesión xeral no HULA
- Título: Planificación anticipada das decisións. Historia de valores. Decisións por representación (A. Usero, A. García)

2016:

- Elaboración dun tríptico informativo sobre o tema.
- Distribución do tríptico entre os distintos servizos do hospital.
- Solicitada a creación no HULA dunha unidade de rexistro no propio hospital.
- Acórdase difundir nas salas de espera das consultas o tríptico informativo así como difusión do vídeo editado polo Sergas, nas canles de TV das ditas salas.
- Out.-Nov.: Charla-coloquio (organizan CEA-Comité de Paliativos de Lugo centro) no Colexio Médico de Lugo: Planificación anticipada das decisións. Historia de valores. Decisións por representación (A. Usero, A. García)

2017: Hospital da Costa

- Charla-coloquio (organiza Comité de Paliativos da Mariña) Planificación anticipada da asistencia (Belén Frá/A. García)

ética

2018: Xornada con motivo do Día Mundial dos C. Paliativos. Outubro (Iñaki Saralegui)

- Sesión Xeral HULA, 11 out.
- Taller para profesionais sanitarios de 3 h (acreditado)

Bioética

2.2 **Actividade do comité de ética asistencial de EOXI da Coruña nos últimos 10 anos. (2008-2018)**

▼
RELATORA → **MERCEDES CAO VILARIÑO**
VOGAL. COMITÉ ÉTICA ASISTENCIAL. A CORUÑA

O Comité de Ética Asistencial da EOXI da Coruña ten un percorrido de máis de 20 anos e tanto a participación dos profesionais como os obxectivos expostos anualmente foron variando ao longo deste período.

Parello a un cada vez maior coñecemento do comité por parte do resto dos profesionais e ao crecente aumento e preocupación polos temas éticos que acompañan a práctica asistencial foise incrementando tamén a actividade deste CEA, a necesidade de aumentar o número de membros para cubrir a maior parte das áreas asistenciais, a formación en Bioética dos seus compoñentes e a cada vez maior implicación destes en diferentes temas e problemas relacionados coa Bioética.

ética

O número de membros é duns 25 (variou nos diferentes anos segundo baixas e novas incorporacións) e abarca:

- Persoal de enfermería: primaria, paliativos, oncoloxía, saúde mental, matrona...
- Persoal médico: primaria, pediatría, hospitalización a domicilio, cirurxías, anestesia, UCI, obstetricia/xinecoloxía, nefroloxía...
- Psiquiatra/psicólogo
- Traballo social
- Xudicatura
- Persoal alleo ao mundo sanitario (leigo)

A composición actual é de 22 membros dos cales 12 son médicos, 2 enfermeiras, 1 matrona, 1 farmacéutica, 1 psicólogo, 1 leigo, 1 traballadora social e 2 xuristas.

Segundo os períodos marcados no estatuto, houbo renovación periódica dos seus membros, intentouse manter sempre unha representatividade de sectores máis implicados na toma de decisións sobre distintos temas sanitarios relacionados co mantemento da saúde, no sentido máis amplo do tema.

A participación é absolutamente voluntaria, e os membros selecciónanse a partir de convocatorias públicas periódicas segundo o perfil que se precise en cada momento e tras pasar unha entrevista persoal.

Bioética

O CEA organízase cun presidente, secretario/a e vogais de forma administrativa xa que a nivel deliberativo trátase dunha estrutura totalmente horizontal.

As reunións ordinarias son mensuais, descansan soamente en agosto e lévanse a cabo polas tardes dado que este horario facilita a asistencia de moitos dos membros e que moitas veces se necesita bastante tempo para as deliberacións. Así mesmo, sempre que se necesita convócanse reunións extraordinarias.

De maneira práctica e aínda que todos os membros coñecen todos os temas e participan nas deliberacións mensuais, desde hai 4 anos formáronse pequenos grupos en diferentes áreas de traballo.

Unha destas áreas que máis lle preocupa ao CEA é a formación dos seus membros e a docencia. Existe o compromiso por parte dos membros de formación en Bioética, sempre que o permita a actividade que desenvolven. Neste sentido, varios dos compoñentes do CEA realizaron mestrado e/ou expertos en Bioética, e outros participan activamente nas xornadas de ACIS relacionadas con este tema.

Respecto da docencia, impártense cursos anuais para residentes e persoal de enfermería sobre a confidencialidade, autonomía do paciente ou problemas relacionados co final da vida, entre outros. Está en valoración a posibilidade de estender estes cursos a outro persoal hospitalario como celadores e administrativos.

Nos dous últimos anos, intentando chegar ao maior número de persoas posible, estanse realizando unhas pílulas formativas, que consisten en pequenos casos tipo con diferentes problemas éticos que son analizados de maneira sinxela e que tentan, da maneira máis lixeira posible, atraer a atención do persoal do centro, cunha breve formulación do conflito ético,

ética

e unha desagregación dos cursos de acción. Estas pílulas sóbense á web do CEA da intranet logo da información a todo o persoal a través do correo.

Outras actividades, organizadas nestes grupos de traballo, son:

→ **CONSENTIMENTOS INFORMADOS**

Este grupo revisa sistematicamente, calquera consentimento informado que teña que ser aprobado polo Servizo de Calidade do hospital. Polo seu carácter asistencial, supón unha importante carga de traballo. A revisión de consentimentos foi aumentando nos últimos anos e actualmente supón unha media de 6 ao mes.

→ **VALORACIÓN DO DOADOR VIVO**

O CHUAC ten unha importante actividade transplantadora, e dentro desta, o transplante renal de doador vivo foi adquirindo cada vez máis protagonismo, de tal modo que ao final constitúe un 20 % dos transplantes realizado cada ano. Desde o 2003 en que se iniciou este programa, valoráronse 329 potenciais doadores. 299 deles neste período de 10 anos (2008-2018). A diferenza doutros centros, onde só se revisa a documentación, no noso centro realízase unha entrevista duns 20 minutos de duración co potencial doador, onde 2-3 membros do comité valoran se a doazón se fai estando totalmente informados dos riscos do procedemento, por suposto se é voluntaria, non mediando coacción de tipo económico ou emocional.

Neste sentido a valoración do comité serviu para repensar un caso que non estaba totalmente claro que fose voluntario, e outro no que claramente non había moita intención de doar. Tras a análise por parte dos membros do comité bloqueouse o proceso e permitiuse que outro

Bioética

doador que de verdade tiña interese puidese facelo. As entrevistas aínda que son realizadas polo grupo son comentadas posteriormente nas reunións ordinarias e ocasionaron nalgunhas ocasións reunións extraordinarias con membros do equipo de transplantes, da OCT e mesmo con familiares dos potenciais doadores.

→ ANÁLISE DE CASOS

O comité está ao dispor dos traballadores do hospital, para valorar a existencia de conflitos éticos derivados da asistencia sanitaria. O grupo de análise de casos, establece unha entrevista rápida coa persoa que realiza a consulta, por se se lle pode dar algunha solución provisional ao problema. Posteriormente realízanse as entrevistas con persoal sanitario, paciente e familiares, se procede, e analízase o caso en reunión extraordinaria se se considera necesario. Todo o material reunido, se a solución non é urxente, coméntase posteriormente na convocatoria mensual, onde tras un proceso deliberativo se delimita o conflito ético, se suxiren os cursos de acción e se elabora o informe que lle será enviado quen realizase a consulta.

Este tipo de casos non é moi frecuente. Nos últimos 10 anos analizáronse con esta metodoloxía 34, dos cales 26 deles estaban relacionados con conflitos ao final da vida (limitación de esforzo terapéutico ou rexeitamento a tratamentos). Outros conflitos minoritarios versaron sobre temas como HIV, 2 casos, instrucións previas, 1, reprodución asistida, 2, doazón de órganos, 1 e competencia, 1. Usouse así mesmo esta metodoloxía de análise para un caso de conflito por rexeitamento de transfusión dunha testemuña de Xehová aínda que a maioría destes casos que supoñen consultas entre 5 e 10 ao ano, resólvense con mediación de membros do CEA. Sobre este tema tamén realizamos entrevistas

ética

coas ligazóns hospitalarias da dita congregación, organizáronse foros de discusión no hospital e sesións formativas a diferentes servizos cirúrxicos.

Outro tipo de consultas, 43 nesta década, son dúbidas éticas ou ético-legais sobre diferentes temas do persoal sanitario, pacientes/familia ou dirección do hospital que normalmente se resolven de forma oral tras conversacións persoais ou de pequenos grupos ou tras consulta a todo o CEA.

→ ELABORACIÓN DE PROTOCOLOS

O CEA elaborou/revisou ao longo destes anos varios protocolos xerais como o de Sedación ao final da vida, a Guía para manexo de rexeitamento á transfusión das testemuñas de Xehová e o protocolo de Limitación do esforzo terapéutico en unidades de Coidados Críticos de adultos. Colaborou coa OCT no protocolo de Doazón en asistolia controlada e elaboráronse documentos informativos sobre rexeitamento ao tratamento e información aos pacientes. Actualmente estase traballando nun protocolo interno sobre entrevistas en doazón renal de vivo.

- INSTRUCCIÓNS PREVIAS

Recentemente creouse un novo grupo de traballo para o tema das instrucións previas. Grazas a unha consulta realizada ao CEA e a través da intervención deste instaurouse no CHUAC unha unidade habilitada para o outorgamento do documento de instrucións previas. Ademais participou en diferentes sesións informativas e formativas neste tema a nivel hospitalario e mesmo extrahospitalario colaborando con asociacións de pacientes.

Bioética

...A propósito dun caso: análise metodolóxica

A Limitación do Esfuerzo Terapéutico (LET)/Limitación de tratamentos de Soporte Vital (LTSV)

- 1 → Quen e como se debe de abordar a decisión da limitación do esforzo terapéutico?
- 2 → É a LET a causa final da morte?
- 3 → Pode influír dalgunha forma a opinión dun paciente e/ou o seu representante?
- 4 → Que requisitos debe cumprir unha LET?
- 5 → Pode ter implicacións legais a decisión ou non decisión da LET?

caso práctico

FEITOS CLÍNICOS

O paciente é un home de **56 anos** importante fumador e bebedor activo. Presenta como antecedentes persoais:

- Enfermidade diabética avanzada con síndrome metadiabético severo (enfermidade renal estadio IIIa, retinopatía moderada, polineuropatía sensitivo-motora e arteriopatía periférica ilíaca bilateral severa con necrose dos dedos do pé).

ética

- Tuberculose pulmonar antiga hai máis de 10 anos e EPOC severa con ventilación mecánica non invasiva nocturna e oxigenoterapia domiciliaria, con múltiples ingresos hospitalarios por infeccións respiratorias.

